



PEGAR
ETIQUETA

Nivel 3

Competencia lingua galega

<i>Sinatura</i> <i>Firma</i>	
---------------------------------	--

Obxectivo	Avaliar as capacidades vinculadas á competencia en lingua galega.
Duración	1 hora
Estrutura da proba	A proba está integrada por 15 preguntas. 10 están relacionadas con dous textos e con elas preténdese avaliar a capacidade para comprendelos e sintetizar o seu contido. As outras 5 preguntas tratan diferentes aspectos lingüísticos.
Materiais que pode utilizar	Bolígrafo con tinta negra ou azul.
Criterios de cualificación da proba	Cada pregunta correctamente contestada ten unha puntuación de 1 punto, agás a pregunta de resposta aberta, que vale 6 puntos. A puntuación máxima é de 20 puntos.

Texto 1

TELETRABALLO

O teletraballo é unha modalidade que permite realizar a actividade profesional a distancia, coa axuda do teléfono e do ordenador, que facilitan ao mesmo tempo a separación física e a comunicación. O teletraballo ten certas limitacións, xa que non todas as empresas e profesionais poden acceder a el, e tamén conta con vantaxes e inconvenientes.

As vantaxes do teletraballo son considerables. Para as persoas traballadoras, sería posible contar con maior flexibilidade horaria, diminuír o estrés e reducir o tempo e gasto en desprazamentos. Para a sociedade, a redución dos desprazamentos implica menor consumo enerxético e, polo tanto, menor contaminación.

Entre as desvantaxes do teletraballo para as persoas empregadas, adoitan sinalarse o sedentarismo, que pode implicar problemas de saúde, e o risco de non desconexión dixital, que pode implicar aumentos inxustificables da xornada laboral. Dende un punto de vista social, a redución das relacións interpersoais, que son a base da sociedade, conduciría a que as persoas se encerrasen máis en si mesmas, se debilitarían os lazos comunitarios e se fomentaría o illamento dos/as individuos/as.

1. Cal é a idea central do texto 1?

- A. O teletraballo é unha modalidade que comporta vantaxes e inconvenientes.
- B. O teletraballo non é unha modalidade desexable dende un punto de vista social.
- C. O teletraballo presenta máis vantaxes para as empresas que para as persoas traballadoras.

2. Cal das seguintes afirmacións se desprende do texto?

- A. O teletraballo é apropiado para todo o mundo.
- B. O traballo presencial debilita os lazos sociais.
- C. Establecer relacións sociais é unha parte fundamental do traballo presencial.

3. Segundo o texto, o teletraballo é un bo instrumento para...

- A. evitar que as persoas se encerren en si mesmas.
- B. diminuír os desprazamentos e reducir o gasto enerxético.
- C. combater o sedentarismo e os problemas de saúde que causa.

4. Entre os inconvenientes do teletraballo que sinala o texto, podemos citar...

- A. maior flexibilidade horaria para as persoas traballadoras.
- B. risco de non desconexión dixital.
- C. fortalecemento das relacións interpersoais.

5. Elabore un breve texto no que expoña a súa opinión razoada sobre as vantaxes e inconvenientes do teletraballo. (Extensión aproximada: 150 palabras)

Texto 2

A Comunidade Autónoma de Galicia foi e segue a ser unha rexión cunha inequívoca vocación gandeira. No ámbito nacional, Galicia representa un enorme potencial no sector gandeiro, estando situada nos primeiros postos no ránking de diversos subsectores, como o vacún de leite e tamén de carne, o sector porcino ou a avicultura. Outros subsectores de menor entidade como a cunicultura, apicultura ou peletería representan tamén un importante papel no desenvolvemento económico do rural de Galicia.

Unha economía cada vez máis globalizada e con mercados cada vez máis competitivos, a adecuación dos sistemas produtivos a regulacións relativamente recentes en materias diversas, xunto coa paulatina diminución da poboación asentada no rural, levou inevitablemente a unha reconversión no sector gandeiro galego. Nas últimas décadas asistimos en consecuencia a unha tendencia de redución no número de explotacións gandeiras ao mesmo tempo que aumentaban os censos animais e volumes das producións gandeiras daquelas explotacións que continúan coa actividade.

Co esforzo de todos os sectores implicados, e especialmente das propias persoas gandeiras, Galicia conseguiu uns elevados estándares de produción nas nosas gandarías tanto no ámbito sanitario, como nos ámbitos da seguridade e calidade agroalimentarias ou o benestar animal, dándolle resposta ás esixencias legais e as demandas dos consumidores. Nesa liña é necesario continuar.

(Adaptado de: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/gandaria> [31/12/2020])

6. Cal é a intención comunicativa deste texto?

- A. Destacar a escasa relevancia que a actividade gandeira ten en Galicia.
- B. Darlles orientacións prácticas ás persoas interesadas en montar unha explotación gandeira.
- C. Informar sobre o importante papel que a gandaría ten na economía galega.

7. Segundo o texto, Galicia é unha potencia gandeira de ámbito nacional e está situada nos primeiros postos no sector...

- A. peleteiro.
- B. apícola.
- C. porcino.

8. Que actividade se designa co termo *cunicultura*?

- A. Cría de cans de caza.
- B. Cría de coellos.
- C. Cría de caracois.

9. Cal das seguintes é una característica fundamental do sector gandeiro en Galicia nas últimas décadas?

- A. Redución do número de explotacións e aumento da produción.
- B. Elevados estándares de produción e baixos estándares no benestar animal.
- C. Aumento do censo animal nas explotacións e diminución da produción.

10. Que significa a expresión «Unha economía cada vez máis globalizada»?

- A. Unha economía que opera fundamentalmente a nivel mundial.
- B. Unha economía na que é necesario investir máis en investigación e innovación.
- C. Unha economía que depende sobre todo do sector agroalimentario.

11. «Parece que o sol quere romper». Que significado ten neste enunciado a perífrase verbal *quere romper*?

- A. Que desexamos que algo suceda.
- B. Que algo é obrigatorio que suceda.
- C. Que algo está a punto de suceder.

12. Cal das seguintes series está formada exclusivamente por palabras ou grupos de palabras que expresan dúbida?

- A. Disque, acaso, case.
- B. Seica, engorde, daquela.
- C. Poida que, talvez, quizais.

13. Cal dos seguintes enunciados é correcto?

- A. A arte abstracta oponse á figurativa.
- B. Estivo moi enferma, pero xa lle deron o alta.
- C. Non se tratou o asunto por non estar no orde do día.

14. «Non me gustou o seu traballo, emporiso, o voso non é moito mellor». Por que expresións podemos substituír *emporiso* sen que varíe o significado?

- A. En consecuencia.
- B. Agora ben.
- C. Xa que.

15. Seleccione a opción que permita completar correctamente o enunciado «Pois eu si necesito coñecer o ... da súa ausencia».

- A. porqué
- B. porque
- C. por que

